

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 01/09/2017 11:56:12
SAIDA
9649/17



Correo electrónico: [REDACTED]

Expediente DAIPVP004/2017

Reclamante: PLADESEMAPESGA

RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO POLA QUE SE ATENDE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA Nº DAIPVP004/2017

Con data 2 de agosto de 2017 tivo entrada na institución do Valedor do Pobo solicitude de acceso á información pública cursada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] ao amparo da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; solicitude que quedou rexistrada co número **DAIPVP004/2017** e na que se recolle:

"Solicitude copia convenio anunciado por LOPDAT Protección de Datos SL con NIF/CIF [REDACTED] sobre a web e protección de datos da institución Valedor do Pobo."

Unha vez analizada a solicitude, e de acordo co artigo 26 da mencionada lei, que regula o dereito ao exercicio de acceso á información pública, este órgano TRASLADA:


Non existe ningún convenio coa citada entidade, tampouco ningún contrato ou relación algunha entre a entidade citada e os servizos informáticos da institución, polo que con data de hoxe se procede a requirirle á citada empresa que deixe de publicitar o noso logo na súa páxina, pois carece de autorización da institución para o seu uso.

Agardando ter satisfeita a súa solicitude debe saber que, en virtude do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso do Valedor do Pobo só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo a fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei

19/2013¹, poñemos á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a copia do DNI como calquera cuestión que considere para a incorporación ao expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

Neste caso, e se vostede o solicitara, remitirémoslle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017



Milagros Otero Parga

Valedora do Pobo

¹ Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.